

No transporte

A bioseguridade é

A túa responsabilidade



A peste porcina africana (PPA) é unha enfermidade vírica que afecta a porcos domésticos e xabarís de calquera idade. Non produce infección nin enfermidades nas persoas.

É unha enfermidade de declaración obrigatoria en España, polo que a súa sospeita é obrigatorio comunicarlle inmediatamente aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural.

Actualmente está presente en países do centro e leste de Europa, así como en países asiáticos e africanos.

A infección nos porcos prodúcese comunmente por contacto directo con porcos infectados, por contacto con vehículos, equipos ou persoas contaminados. Tamén é posible que os porcos se infecten por comer restos de carne ou produtos cárnicos de porcino ou xabaril infectados.

Medidas de bioseguridade para reducir o risco de contaxio desde rexións afectadas por PPA:

Evitar ou minimizar os movementos de animais porcinos con orixe nos países ou territorios afectados.



Evitar o contacto

Evitar o contacto directo ou indirecto con porcos domésticos e xabarís de países afectados por PPA



Se tiveches contacto con porcos domésticos ou xabarís

De países afectados por PPA, limpar e desinfectar axeitadamente a roupa e calzado utilizados, e evitar o contacto con porcos domésticos durante, polo menos, 72 horas desde a túa chegada a España.



Evitar traer carne

Evitar traer carne e/ou produtos cárnicos frescos ou curados desde países afectados.



Protocolos de limpeza e desinfección

Cumprir cos protocolos establecidos pola Normativa sempre inmediatamente despois de descargar animais e antes de realizar unha nova carga.



Control oficial de vehículos

Están establecidos controis oficiais de vehículos de países considerados de risco.



Inspección visual e documental

O operador comercial ou titular da explotación que recibe os animais debe asegurarse das condicións de limpeza e desinfección dos vehículos que chegan á súa explotación. Debe realizar unha revisión documental e visual destas condicións dos vehículos á chegada destes.



**INTER
PORC
SPAIN**

WWW.INTERPORC.COM

INTERPROFESIONAL DEL PORCINO DE CAPA BLANCA

galicia



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN